


Comunicación en Radio e Podcast



Fala

FUNCIÓN:

- **EXPRESIVA:** damos a nosa opinión en debates, entrevistas...
- **INFORMATIVA:** a mensaxe é o máis importante en informativos, o tempo, reportaxes...
- **APELATIVA:** provocamos a participación dos oíntes en concursos, preguntas...



ESCRIBIR PARA FALAR:

- Frases curtas con palabras claras
- Contar pouco pero que se entenda
- Cando falamos non se debe notar que estamos lendo
- A primeira frase debe interesar, a segunda informar.

FALAR:

- Volume axeitado
- Non tocar o micro nin mover papeis
- Articular ben as palabras
- Velocidade moderada, sen prisa
- Empregar pausas, respirar tranquilamente
- Naturalidade



Silencio

FUNCIÓN:

- Intención psicolóxica ou dramática
- Expresar sentimentos
- Aportar ritmo ou intriga á acción

Efectos Sonoros

FUNCIÓN:

- **NARRATIVA:** nos cambios de escena, de tempo, de espacio (ábrese unha porta...)
- **EXPRESIVA:** comunica por sí só (soa un disparo...)
- **DESCRITIVA:** transmite mensaxes (aplausos, erro...)

Música

FUNCIÓN:

- **EXPRESIVA:** crea comodidade en torno á mensaxe, música de fondo.
- **GRAMATICAL:** fai de signo de puntuación, ráfagas musicais separando seccións.
- **DESCRITIVA:** substitúe á palabra situándonos nun ambiente concreto (época, lugar, natureza, interior, exterior...)
- **REFLEXIVA:** momentos musicais para que o oínte reflexione sobre a mensaxe.
- **AMBIENTAL:** forma parte da retransmisión, do ambiente, maior realismo.

